

## **ACTA DA SESIÓN ORDINARIA CELEBRADA POLO PLENO MUNICIPAL CON DATA 5 DE XULLO DE 2018**

No Salón de sesión da Casa Consistorial de Ribadumia, sendo as vinte unha horas do cinco de xullo de dous mil dezaoto, ó obxecto de celebrar a sesión ordinaria, previamente convocada na forma regulamentaria baixo a presidencia do Sr. Alcalde, D. David J. Castro Mougán, reúnen os sres. concelleiros: D<sup>a</sup> M<sup>a</sup> del Mar Rey Pérez; D. Enrique J. Oubiña Lago; D. José Ramón González Ledo; D<sup>a</sup> M<sup>a</sup> do Pilar Martínez Troncoso; D<sup>a</sup> M<sup>a</sup> del Mar Moimenta Otero; D. Juan Carlos Esperón Prado; D<sup>a</sup> M<sup>a</sup> Salomé Peña Muñiz; D<sup>a</sup> Susana Fandiño Vázquez; D. Antonio Roma Arcos; D<sup>a</sup> M<sup>a</sup> Dolores Esperón Feijoo e D. Antonio Bermúdez Varela.

Non asiste D. Luis Serantes Álvarez, tendo xustificada a súa ausencia.

Actúa como Secretaria da Corporación D<sup>a</sup> M<sup>a</sup> Dolores Franco Mateo.

### **1º.- ORDENANZA SOBRE O USO DO GALEGO**

Dáse conta da ordenanza redactada e da exposición de motivos da mesma .

A Sr. Rey Pérez explica que este equipo de goberno ven realizando actuacións para que o uso do galego estea normalizado e tomou decisións que favorezan o fomento do uso do galego como é o do recoñecemento de ribadumienses en prol do galego e a institucionalización de actos do día das letras galegas.

Da conta de obriga que establece a ordenanza se trae a pleno tamén porque para acceder ás axudas que da Política Lingüística se necesita ter aprobada esta ordenanza.

Toma a palabra a Sra. Peña Muñiz, é unha ordenanza que ven a recoller o que os concellos deben facer por Lei que é fomentar e recuperar o uso da lingua.

Di que se cumpra a ordenanza porque fai uns días una empresa publicaba unhas notas informativas en castelán.

Fai uso da palabra o Sr. Alcalde, discrepa do que di a Sra. Peña de que non se está a utilizar polas empresas que se contratan; que liñas xerais hai que facer un estudo máis do patrimonio galego.

Di que o concello ten que facer cumprir e en xeral se ven levando, aínda que pode haber un caso puntual que non sucedera.-

Que este equipo de goberno defende o uso do galego e pon en valor as persoas que loitaron a traballar polo galego. (Coa aprobación das bases de nomeamento de "Ribadumiense a prol do galego", como por exemplo a D. Dositeo e este ano a unha asociación)

Agradece que todos os grupos estean de acordo na aprobación desta Ordenanza.-

Rematadas as intervencións o Pleno Municipal, por unanimidade dos Sres. asistentes, acordan:

1º.- Prestar aprobación á “Ordenanza Municipal para o Impulso Social da lingua Galega no Concello de Ribadumia”

2º.- Que se expoñan ó público a Ordenanza aprobada, polo prazo dun mes ós efectos de presentación de reclamacións; e

3º.- Que no caso de non presentarse reclamación algunha contra a mesma considerárase definitivamente aprobada, debendo procederse á publicación íntegra do seu contido no B.O.P.

## **ORDENANZA PARA O IMPULSO SOCIAL DA LINGUA GALEGA NO CONCELLO DE RIBADUMIA.**

### **Capítulo I. O uso oficial do idioma galego**

#### **Artigo 1**

- 1.- *O galego, como lingua propia e oficial de Galicia, é idioma oficial do Concello de Ribadumia.*
- 2.- *O Concello de Ribadumia empregará o galego en todas as súas accións, nas súas actuacións administrativas, na documentación, na comunicación social, e nas relacións coas cidadás, cos cidadáns e con todas as entidades situadas en Galicia e con aquelas outras que admitan o galego para as actuacións administrativas.*

### **Capítulo II. Ámbito de aplicación**

#### **Artigo 2**

- 1.- *O Concello de Ribadumia e os organismos que del dependen –padroados, organismo autónomos, sociedades, centros de formación, escolas, etc.– rexeranse polos criterios establecidos nesta ordenanza.*
- 2.- *Tamén se rexerán polos criterios desta ordenanza as empresas adxudicatarias, concesionarias ou contratadas cando actúen en función desa adxudicación, concesión ou contrato, así como as de explotación mixta, o cal se fará explicitamente constar nos documentos correspondentes (concursos públicos, pregos de cláusulas, contratos, etc.).*
- 3.- *O Concello de Ribadumia velará para que nas actividades, organismos, etc., en que participe e/ou teña representación, sexan aplicados os principios desta ordenanza.*
- 4.- *Todos os servizos, departamentos, oficinas e organismos dependentes do Concello de Ribadumia terán en conta a necesidade da normalización da lingua galega en todos os ámbitos sociais, polo que asumirán o desenvolvemento desta ordenanza en todas e cada unha das accións do seu funcionamento cotián.*

### **Capítulo III. Atención ao público**

#### **Artigo 3**

- 1.- *Todos os servizos de todas as unidades administrativas que teñan relación co público fomentarán o uso do idioma galego mediante a súa utilización como lingua normal de comunicación de entrada, tanto oral como escrita, practicando a oferta positiva en lingua galega.*

2.- A atención ao público mediante mecanismos automáticos, tales como contestadores de teléfonos ou outros medios telefónicos ou informáticos, usarán por defecto e de entrada o galego, e así se especificará cando sexan comprados, contratados e/ou programados.

3.- O disposto no presente artigo tamén é de aplicación para as empresas ou entidades que presten servizos municipais por concesión, arrendamento, concerto ou contrato.

#### **Capítulo IV. Documentación e actuación administrativa**

##### **Artigo 4**

1.- Como criterio xeral, todas as actuacións do Concello faranse en idioma galego. Isto sen prexuízo de que, cando legalmente sexa requisito, ademais de en galego tamén se fagan noutra(s) lingua(s).

2.- Será redactada en lingua galega cando menos a seguinte documentación administrativa:

a.- As convocatorias de sesións de todos os órganos do Concello de Ribadumia, así como as ordes do día, mocións, votos particulares, propostas de acordo, ditames das comisións informativas, rogos, preguntas e as actas dos citados órganos municipais.

b.- As resolucións de todos os órganos municipais.

c.- Toda a documentación xerada polo Concello que forme parte dos expedientes administrativos que teñan que someterse á decisión ou coñecemento dos devanditos órganos.

d.-As actas e acordos de todos os órganos dos consellos e entidades con personalidade xurídica dependente deste Concello.

e.- As notificacións, recursos, escrituras públicas e, en xeral, todos os actos de carácter público ou administrativos que se realicen por escrito en nome do Concello de Ribadumia.

3.- Todos os modelos de documentación da Administración municipal de Ribadumia serán elaborados e difundidos de entrada e prioritariamente en galego e, verbo disto, nos plans e procesos de informatización e racionalización administrativa deberase ter presente o establecido neste artigo, sen que isto signifique que nalgúns casos específicos non se poida incorporar tamén a outra lingua oficial para cando unha persoa expresamente a poida requirir.

##### **Artigo 5**

1.- Sen prexuízo do que para os rexistros públicos establece o artigo 9 da Lei 3/1983, de 15 de xuño, de normalización lingüística de Galicia, nos rexistros administrativos das oficinas do Concello os asentos faranse sempre en galego, independentemente da lingua na que estean escritos.

#### **Capítulo V. Publicacións, accións informativas, formativas e actividades públicas**

##### **Artigo 6**

1.- Os anuncios oficiais da Corporación que se publiquen no Boletín Oficial da Provincia, no Diario Oficial de Galicia ou en calquera medio de comunicación serán redactados e publicados en galego. Cando legalmente sexa requisito, tamén se poderán redactar noutra(s) lingua(s) ademais de en galego ou achegar unha tradución do orixinal en lingua galega.

2.- As publicacións editadas polo Concello, teñan ou non carácter periódico, xa sexan en papel ou dixitais, realizaranse en lingua galega.

3.- As publicacións editadas por outras entidades, nas que colabore o Concello e que teñan difusión en Galicia, realizaranse en lingua galega. Para lle dar cumprimento a isto, de os haber,

*nos acordos de colaboración, convocatorias de subvencións, contratos, etc., farase referencia a este requisito.*

### **Artigo 7**

*1.- As campañas publicitarias do Concello e de promoción de todas as actividades organizadas faranse, sexa no soporte que sexa, en galego.*

*2.- Na contratación de publicidade, o Concello terá en conta os medios de comunicación en distintos soportes que usan o galego.*

*3.- As campañas publicitarias e de promoción de actividades (cursos, xornadas, conferencias, festas, espectáculos, actividades deportivas, festivais, campionatos, etc.) doutras entidades nas que dalgún xeito colabore o Concello faranse en todos os soportes en galego.*

*4.- Para lle dar cumprimento a isto, cando os haxa, nos acordos de colaboración, convocatorias de subvencións, contratos, etc., farase referencia a este requisito.*

*5.- A publicidade que se difunda en instalacións e mecanismos propiedade do Concello deberá estar en galego.*

*6.- Todo o anterior, sen prexuízo de que tamén se poidan facer noutras linguas cando sexan accións publicitarias ou de difusión dirixidas a comunidades lingüísticas fóra da galega.*

### **Artigo 8**

*1.- As accións formativas organizadas polo Concello desenvolveranse, en xeral, en lingua galega.*

*2.- A formación puntual e actividade xeral ofertada regularmente polo Concello nos seus distintos centros públicos desenvolverase utilizando normalmente o galego como lingua de comunicación. O establecido neste punto terase en conta e farase referencia ao seu contido en casos como:*

*a.- Na contratación de persoal para os distintos centros.*

*b.- Na organización de actividades nos distintos centros.*

*c.- Nas contratacións de empresas.*

*d.- Nos regulamentos dos distintos centros, de os haber.*

*3.- Para que o Concello de Ribadumia colabore en accións informativas ou formativas organizadas por outras entidades será requisito que estas se desenvolvan, en xeral, en lingua galega. Este requisito transmitiráselle á entidade ou entidades organizadoras e explicitarase nos acordos de colaboración, convocatorias de subvencións, contratos, etc.*

### **Artigo 9**

*1.- Os cargos públicos do Concello expresaranse en galego nos actos que teñan lugar no ámbito lingüístico galego, e nos que interveñan en virtude do seu cargo.*

*2.- Todas aquelas actividades comunicativas, culturais, deportivas, divulgativas, etc. (eventos, conferencias, intervencións públicas, xornadas, congresos, charlas, campionatos, espectáculos, festivais, etc.) organizadas polo Concello, desenvolveranse, en xeral, en lingua galega.*

*3.- Para que o Concello de Ribadumia colabore en actividades comunicativas, culturais, deportivas, divulgativas, etc. (eventos, conferencias, intervencións públicas, xornadas, congresos, charlas, campionatos, espectáculos, festivais, etc.) organizadas por outras entidades, será requisito que estas se desenvolvan, en xeral, en lingua galega. Este requisito transmitiráselle á entidade ou entidades organizadoras e explicitarase nos acordos de colaboración, convocatorias de subvencións, contratos, etc.*

### **Artigo 10**

1.- Os textos que vaian ser difundidos polo Concello en calquera soporte (diarios oficiais, xornais, revistas, carteis, folletos, etc.) deben ser revisados previamente polo Servizo de Normalización Lingüística, que dará o visto e prace para a súa publicación.

## **Capítulo VI. Compra de bens e materiais e encargo e contratación de servizos**

### **Artigo 11**

1.- Para as compras de bens e materiais de todo tipo que faga o Concello de Ribadumia estableceranse criterios para procurar que os bens e materiais estean en galego, xa sexa na súa etiquetaxe, configuración, uso, etc. (equipos informáticos, aparellos telefónicos, material funxible, produtos alimentarios, etc.). Isto especificarase e concretarase, cando os haxa, nos correspondentes acordos, contratos, pregos, encargos, comunicacións, etc.

2.- Para as contratacións de servizos que se presten ao Concello, sexan da índole que sexan, especificarase que estes deben ser prestados en galego, e para a súa prestación poderanse establecer criterios, ademais, para que os materiais estean en galego, xa sexa na súa etiquetaxe, configuración, uso, etc. Isto especificarase e concretarase, cando os haxa, nos correspondentes acordos, contratos, pregos, encargos, comunicacións, etc.

## **Capítulo VII. Sinalización e rotulación**

### **Artigo 12**

1.- Os rótulos, indicadores, sinalizacións da Casa do Concello e dos outros edificios e servizos públicos e da rede viaria municipal estarán en galego.

2.- Cando a normativa ou o interese xeral o requira, as sinalizacións viarias tamén poderán incorporar outra(s) lingua(s).

3.- Todos os vehículos do parque móbil municipal, o vestiario do persoal e material semellante, cando o houber, dos organismos autónomos, empresas municipais, policía, etc., levarán a súa rotulación en galego. Isto mesmo será de aplicación para o parque móbil, o vestiario e material semellante daquelas empresas adxudicatarias ou concesionarias, e así se establecerá nos correspondentes pregos de condicións.

4.—En calquera caso, os textos dos rótulos e sinalizacións deben ser revisados polo Servizo de Normalización Lingüística, que dará o visto e prace para a súa publicación.

## **Capítulo VIII. Relacións con outras administracións**

### **Artigo 13**

1.- As comunicacións do Concello dirixas a calquera das administracións públicas sitas no territorio galego redactaranse en lingua galega.

2.- As comunicacións do Concello dirixidas á Administración civil ou militar do Estado e á xustiza dentro do ámbito lingüístico galego redactaranse en lingua galega.

### **Artigo 14**

1.- A documentación do Concello de Ribadumia dirixida ás administracións públicas de fóra do ámbito lingüístico galego tamén se redactará en lingua galega e farase –se cómpre– unha copia en castelán en que conste que é tradución do orixinal redactado en galego.

2.- As copias dos documentos do Concello de Ribadumia redactados en galego que haxa que enviar ás administracións públicas de fóra do ámbito lingüístico galego tramitaranse en lingua galega. Se cómpre, achegarase tradución a outra(s) lingua(s), facendo constar que é tradución do orixinal en galego.

### **Artigo 15**

1.- Con respecto aos documentos dirixidos directamente a persoas xurídicas, diferentes de calquera das administracións, o Concello de Ribadumia aterase ao previsto nas disposicións vixentes, aínda que se redactarán en galego sempre que sexa posible.

## **Capítulo IX. Relacións coas empresas privadas**

### **Artigo 16**

1.- Os documentos públicos ou contractuais subscritos polo Concello serán redactados en galego. Se a súa finalidade o esixe, poderá facerse tamén copia traducida a outra(s) lingua(s), en que constará que é tradución do seu orixinal en galego.

2.- O Concello requirirá que os estudos, proxectos, informes, documentos e traballos análogos que se encarguen a terceiros sexan elaborados en galego. Este requirimento será recollido nas convocatorias, pregos ou solicitudes de tales traballos.

3.- O Concello proporá e animará ás empresas contratantes e provedoras a que usen o galego na súa documentación e comunicación e explicitaralles que deben facer uso do galego nos bens e nos servizos que sexan obxecto de contrato co Concello, e así se fará constar nos correspondentes pregos de condicións.

## **Capítulo X. Persoal ao servizo da administración**

### **Artigo 17**

1.- A declaración de oficialidade do idioma galego esixe que todo o persoal ao servizo da Corporación o coñeza suficientemente e estea en condicións de empregalo correctamente, tanto oralmente como por escrito, no desenvolvemento do seu traballo.

2.- Para acadar este obxectivo establécense as seguintes regras xerais:

a.- Nos procedementos de selección de persoal incluírase unha proba de capacitación para o desenvolvemento en galego do traballo que o persoal vai realizar habitualmente no Concello. Esta proba será adecuada ao nivel e contido das prazas convocadas e, de acordo coas funcións do posto, poderá ser oral e/ou escrita.

b.- Nos procesos selectivos que inclúan probas ou preguntas sobre lexislación, incluírase entre ela tamén a lexislación lingüística, como a Lei de normalización lingüística ou a Lei do uso do galego como lingua oficial polas entidades locais.

c.- Nos procedementos de provisión de postos de traballo, a acreditación do coñecemento da lingua galega terá, ademais, consideración de mérito puntuable, sempre que haxa concurso, para o que en cada convocatoria se fará un baremo axeitado ao posto para puntuar acreditacións Celga e/ou títulos oficiais de linguaxes específicas, como administrativa ou xurídica.

d.- Cando for posible, terase en conta o persoal do Servizo de Normalización Lingüística con titulación suficiente para formar parte dos tribunais cualificadores –ben como membro deste, ben como persoal asesor–, para facer a avaliación do coñecemento do idioma galego na selección de persoal e na provisión dos postos de traballo e colaborará, así mesmo, na confección das correspondentes bases e probas.

e.- As probas selectivas para a provisión de prazas de funcionarios/as e persoal laboral ao servizo do Concello faranse en lingua galega e distribuiranse por defecto nesta lingua a todas as persoas candidatas, sen prexuízo de que os/as participantes nas probas poidan realizar os seus exercicios noutra lingua oficial. As persoas que queiran copia das probas noutra lingua oficial poderán solicitala expresamente con antelación ao desenvolvemento da proba.

f.- O persoal que actualmente traballa ao servizo da Corporación e non estea capacitado para o correcto desenvolvemento do seu traballo en galego de acordo co disposto no apartado 1 do

*presente artigo deberá adquirir tal capacidade. Para estes efectos, o Concello, desde o Servizo de Normalización Lingüística, desenvolverá programas de formación lingüística.*

*g.- O Concello de Ribadumia, a través do seu Servizo de Normalización Lingüística e en colaboración con outras administracións ou entidades, organizará cursos específicos para todo o persoal que non teña os coñecementos necesarios para exercer as súas funcións en galego e así melloren o seu nivel de linguaxe, tanto desde o punto de vista lingüístico como estilístico.*

### **Artigo 18**

*1.- A formación profesional en todos os ámbitos de todo o persoal do Concello de Ribadumia farase en lingua galega, sempre que a programación e organización dependa do Concello. De non depender directamente del, o Concello de Ribadumia demandará que se faga en galego.*

## **Capítulo XI. Toponimia e nomes de rúas, emplacements ou edificios**

### **Artigo 19**

*1.- Segundo se dispón no artigo 10 da Lei 3/1983 de normalización lingüística, a única forma oficial dos topónimos do termo municipal do Concello de Ribadumia é a galega, igual cá dos demais topónimos de Galicia.*

*2.- O Concello de Ribadumia promoverá a recuperación, historia, orixe, coñecemento e uso da toponimia do territorio municipal, e preservará as formas tradicionais dos lugares como parte integrante da memoria colectiva do patrimonio cultural.*

*3.- O Concello de Ribadumia demandaralle a todas as entidades beneficiarias de calquera tipo de subvención, axuda, colaboración ou contrato por parte do Concello o uso correcto da toponimia.*

### **Artigo 20**

*1.- Para darlles nome ás rúas, prazas, edificios, etc., de titularidade pública en Ribadumia, teranse en conta os criterios establecidos na declaración asinada pola Comisión de Toponimia en 2002, en que se sinala:*

*a.- Na denominación oficial das diferentes realidades xeográficas (entidades de poboación, urbanizacións, prazas, rúas, complexos urbanísticos, bloques de edificios, etc.), ha de preferirse sempre un topónimo tradicional antes que fórmulas de nova invención.*

*b.- No caso de realidades xeográficas de nova creación realizarase un inventario das denominacións tradicionais do territorio afectado e empregaranse nomes tomados dese repertorio para a denominación oficial das novas realidades.*

*c.- Cando nunha área determinada os topónimos tradicionais superan en número as novas realidades xeográficas creadas, de preferencia han de preservarse os topónimos de maior interese histórico, arqueolóxico ou filolóxico.*

*d.- Só se empregará o recurso á imposición de "topónimos honoríficos" (nomes de persoas ou institucións, de conceptos abstractos, de cidades ou países, etc.) en casos en que a nova denominación non sepulte un topónimo tradicional.*

*2.- En caso de ter que optar por un topónimo honorífico ou conmemorativo, teranse en conta as directrices aprobadas pola ONU en 2004, nas que se sinala que:*

*a.- Para propoñer un topónimo só se considerarán persoas postumamente; antes de que a proposta dun topónimo conmemorativo se considere deben ter pasado un mínimo de cinco anos da morte da persoa. Para acontecementos, polo menos deben ter pasado vinte e cinco anos do devandito acontecemento.*

b.- Para propoñer un topónimo conmemorativo só se terán en consideración persoas cunha forte asociación co lugar ou o elemento xeográfico, ou que teñan destacada significación no legado cultural ou no desenvolvemento da zona, da comarca ou da nación.

c.- O topónimo proposto deberá ser apoiado pola comunidade local e ir máis aló dun simple ou especial interese dun grupo.

d.- Un topónimo non se debe usar para conmemorar vítimas ou sinalar lugares de accidentes ou traxedias.

e.- Un topónimo conmemorativo non se debe considerar se xa existe para o lugar un nome arraigado e aceptado.

f.- A propiedade da terra non confire a lexitimidade ou o dereito de aplicarlle un topónimo conmemorativo a un elemento xeográfico. O uso non oficial de topónimos conmemorativos en publicacións ou en dedicatorias ou indicadores non é garantía de que estes sexan adoptados en documentos toponímicos oficiais.

## **Capítulo XII. Impulso institucional do idioma galego**

### **Artigo 21**

1.- De acordo co establecido no artigo 25 da Lei 3/1983 de normalización lingüística, o Concello de Ribadumia fomentará a normalización do uso do galego nas actividades mercantís, publicitarias, asociativas, culturais, deportivas e calquera outra dentro do ámbito municipal.

2.- O Concello de Ribadumia poñerá en marcha programas dirixidos á poboación e ás entidades asociativas ou empresariais do municipio para conseguir a implicación progresiva de todos os colectivos no proceso de recuperación social da lingua galega, e fomentarse o uso e prestixio do galego na transmisión interxeracional, na mocidade, na onomástica, no deporte, nas novas tecnoloxías, na creación e difusión cultural, no ámbito empresarial e comercial, na comunicación, na xustiza, no lecer, na educación, na sanidade, no ámbito relixioso, no turismo, na integración social, na música, no asociacionismo, etc.

3.- Todos os órganos do Concello de Ribadumia impulsarán a normalización lingüística no seu ámbito de actuación, e o Servizo de Normalización Lingüística asesorará á Corporación municipal nesta materia.

4.- Para a concesión de subvencións e axudas municipais (de promoción económica, servizos sociais, culturais, xuvenís, deportivas, para festas, para actividades formativas e de calquera outro tipo) valorarase como criterio que se terá en conta que as actividades realizadas contribúan á normalización e ao incremento do uso e prestixio da lingua galega. Do mesmo xeito, as publicacións, a cartelaría, a publicidade e toda produción de todas as actividades das entidades que vaian estar subvencionadas polo Concello de Ribadumia deberán estar en lingua galega. En todas as convocatorias de subvencións figurará expresamente este requisito.

5.- O Concello de Ribadumia poderá outorgar subvencións para actuacións que procuren a normalización lingüística e, segundo sinala o artigo 25 da Lei 3/1983 de normalización lingüística, para fomentar dentro do seu ámbito a normalización do uso do galego nas actividades mercantís, publicitarias, culturais, asociativas, deportivas e outras, por actos singulares, poderá outorgar reducións ou exencións das obrigas fiscais.

## **Capítulo XIII. Calidade lingüística e linguaxe democrática e inclusiva**

### **Artigo 22**

1.- Debido a que a calidade lingüística de todos os textos públicos do Concello transmite a imaxe da propia administración municipal e a que os textos emitidos desde a administración pública adoitan ser interpretados como modelos de lingua, en todos os textos, documentos e



comunicacións do Concello de Ribadumia coidarase especialmente a calidade e corrección lingüística.

2.- En todos os textos serán aplicados os criterios da linguaxe administrativa galega moderna, procurando sempre a súa máxima calidade, democratización, personalización, claridade dos contidos (modernización das formas, concisión e precisión, sinxeleza e ordenación) e uniformidade.

3.- En toda comunicación e documentación municipal usarase unha linguaxe inclusiva, utilizando as fórmulas non sexistas axeitadas que inclúan os dous xéneros cando os textos e comunicacións se dirixan tanto a mulleres como a homes, evitando así fórmulas sexistas, ocultación dun dos xéneros e posibles ambigüidades.

4.- O Concello de Ribadumia velará para que nos textos e comunicacións das accións doutras entidades nas que colabore, participe ou apoie, se sigan estes mesmos criterios de calidade lingüística e linguaxe moderna, democrática e inclusiva.

#### **Capítulo XIV. O Servizo de Normalización Lingüística (SNL)**

##### **Artigo 23**

1.- O Concello de Ribadumia procurará contar, na medida das súas posibilidades, cun Servizo de Normalización Lingüística (SNL) estable dotado con medios materiais e humanos suficientes co obxecto de impulsar a normalización e procurar o incremento do uso e prestixio do idioma galego a todos os niveis e ámbitos sociais, e de coordinar as accións necesarias para darlle cumprimento a esta ordenanza.

2.- As tarefas que desenvolva este Servizo de Normalización Lingüística configuraranse en tres áreas: dinamización sociolingüística, formación sociolingüística e asesoramento lingüístico.

3.- As funcións xerais do SNL serán:

a) Xerais:

i.- Asesorar á administración municipal en todo o relacionado coa política lingüística.

ii.- Facer seguimento do cumprimento da lexislación en materia lingüística por parte da institución.

iii.- Informar sobre a conveniencia, oportunidade, método, etc., de incorporar accións con obxectivos normalizadores en programas ou accións do Concello de índole diversa, e colaborar na súa especificación, deseño e materialización.

iv.- Emitir informes sobre a oportunidade, conveniencias, etc., de accións do Concello con respecto ao fomento do uso e prestixio da lingua galega.

v.- Colaborar coa administración para determinar os perfís lingüísticos necesarios en cada un dos postos de traballo e colaborar nas probas e procesos selectivos para que se avalien convenientemente os coñecementos lingüísticos por parte dos/as aspirantes.

b) Dinamización sociolingüística:

i.- Fomentar o uso do galego no conxunto da sociedade.

ii.- Planificar, xestionar, executar e avaliar accións a prol da lingua galega nos diversos ámbitos e contextos sociais: para a transmisión interxeracional, na mocidade, na onomástica, no deporte, nas novas tecnoloxías, na creación e difusión cultural, no ámbito empresarial e comercial, na comunicación, na xustiza, no lecer, na educación, na sanidade, no ámbito relixioso, no turismo, na integración social, na música, no asociacionismo, etc.

iii.- Propor programas dinamizadores e accións concretas que conciencien á sociedade respecto ao uso e prestixio da lingua galega, e a impliquen no proceso normalizador.

iv.- Propiciar e xestionar liñas de información, colaboración, coordinación e axuda dirixidas á rede asociativa, empresarial, educativa, xuvenil, etc., para fomentar o uso e prestixio do galego.

v.- Promover e coordinar grupos de persoas interesadas no proceso de normalización lingüística para que funcionen como axentes normalizadores na sociedade.

c) Formación sociolingüística:

i.- Planificar, xestionar, coordinar e difundir a realización de cursos de lingua galega, xerais e específicos, tanto para o persoal da administración como para diferentes sectores sociais.

ii.- Difundir materiais que contribúan á tarefa normalizadora: dereitos lingüísticos, lexislación, recursos lingüísticos, etc.

iii.- Colaborar no deseño de programas de formación non lingüística para garantir a presenza do galego e de contidos favorables á mellora de actitudes lingüísticas.

d) Asesoramento lingüístico:

i.- Mellorar a calidade lingüística e comunicativa da administración.

ii.- Normalizar a imaxe lingüística, fixar criterios lingüísticos para a organización e establecer modelos de documentos.

iii.- Revisar e validar lingüísticamente aqueles textos que vaian ter maior difusión, impacto ou permanencia (carteis, folletos, rotulación, anuncios, impresos, publicacións, etc.), para garantir a calidade lingüística e o uso dunha linguaxe moderna, democrática e inclusiva.

iv.- Resolver dúbidas lingüísticas.

## **Capítulo XV. Cumprimento e seguimento da ordenanza**

### **Artigo 24**

1.- Para lle dar cumprimento, velar pola aplicación e facer seguimento, o Concello creará unha comisión político-técnica de aplicación e seguimento desta ordenanza.

2.- Esta comisión de aplicación e seguimento reunirse polo menos unha vez ao ano para analizar o cumprimento e desenvolvemento da ordenanza e propor medidas para a súa aplicación, e extraordinariamente cando a convoque a Alcaldía por iniciativa propia ou a petición dalgún dos seus membros.

3.- A actualización, ampliación ou revisión progresiva desta ordenanza tamén lle corresponde a esta comisión, que lle fará a proposta correspondente ao Pleno do Concello, para que, se procede, se aprobe a modificación.

### **Disposición adicional**

Para favorecer a participación social no impulso e dinamización do uso do galego en todos os ámbitos, o Concello de Ribadumia poderá crear un Consello Social da Lingua, no que estarán representados os grupos políticos que forman parte da Corporación e as organizacións e colectivos máis representativos implicados no proceso de normalización lingüística".

## **2º. – MODIFICACIÓN ORDENANZA DE VAO**

Comenta o punto a Concelleira Martínez Troncoso e di que unha modificación da ordenanza aprobada en novembro de 2016 "Ordenanza de Municipal de vaos para entradas de automóbiles e reserva de estacionamento" e unha das queixas que se recollían e que aínda que ten o vao legal posto non podían entrar e saír por ter vehículo diante.

Engade que se mantivo unha reunión co responsable da Garda Civil de Cambados e se traen as recomendacións que fixeron os responsables da Garda Civil e que se modifica o artigo 18 da mesma.

Que un dos obxectivos da modificación proposta é que se podería acordar a retirada do vehículo infractor a través de convenio, medios propios ou empresas privadas.

Así mesmo se introduce un apartado no artigo 21 (o 21.bis) no que se recolle o que se establece o 1428/2003 de 21 de novembro.

En resumo propónse adoptar acordo para reflectir na ordenanza as recomendacións que fixo o responsable da Garda Civil de Cambados, coa seguinte proposta:

*O Pleno do Concello de Ribadumia aprobou, en sesión extraordinaria do 23 de novembro de 2016, a Ordenanza municipal de vaos para a entrada e saída de automóbiles e reservas de estacionamento.*

*Actualmente o Concello de Ribadumia non dispón de servizo de Policía Local nin de retirada de vehículos mal estacionados polo que, tal e como transmiten numerosos veciños, a colocación do sinal de vao non garante por si soa a entrada e saída de automóbiles nalgúns casos.*

*En consecuencia disto, propónse a modificación da ordenanza aprobada nos seguintes termos:*

*“Artigo 18.- Inspección*

*Os labores de inspección relativos ao cumprimento desta ordenanza serán desempeñados polos servizos técnicos municipais e, de ser o caso, pola Policía Local e/ou Forzas e Corpos de Seguridade do Estado no ámbito das súas competencias, que deberán informar ao alcalde ou órgano en que este delegue das infraccións que se observen.*

*Así mesmo, o órgano competente poderá acordar a retirada do vehículo infractor e o seu depósito en instalacións habilitadas, ben por medios propios ben a través de convenios asinados con outras administracións públicas ou con entidades privadas.”*

*(...)*

*“Artigo 21 BIS.- Outras infraccións.*

*Tal e como recolle o artigo 91.2 do Real Decreto 1.428/2003, do 21 de novembro, polo que se aproba o Regulamento xeral de circulación, “Considéranse paradas ou estacionamentos en lugares perigosos ou que obstaculizan gravemente a circulación os que constitúan un risco ou obstáculo á circulación nos seguintes supostos:*

*(...) c) Cando se obstaculice a utilización normal do paso de saída ou acceso a un inmovible de persoas ou animais, ou de vehículos nun vao sinalizado correctamente”.*

*Este mesmo artigo, no seu apartado número 3, establece que “Os supostos de paradas ou estacionamentos en lugares perigosos ou que obstaculicen gravemente a circulación teñen a consideración de infraccións graves, conforme se prevé no artigo 65.4.d) do texto articulado”.*

Toma a palabra Sra. Peña Muñiz, e di que a ordenanza aprobouse fae ano e medio e naquel momento o P.P. votou en contra desta ordenanza porque aínda que estaban a favor de que se regulara este servizo, pero non de aplicar e crear un novo imposto para os veciños sen ofrecer ningún servizo porque o concello non tiña medios; e agora o tempo lles da a razón e teñen que rectificar a ordenanza para pedir colaboración con outras administracións ou corpos de seguridade para prestar este servizo. Entón dado que agora lles dan a razón ao P.P. o voto vai a ser a favor

Toma a palabra Sra. Martínez Troncoso, sigue sen ler a ordenanza, é unha ordenanza administrativa se puxeron por recomendación da Garda Civil se di que poderase; agora non dirán que incrementamos as taxas.

A Sra. Peña Muñiz di que ela xa dixo naquel momento que non se prestaba o servizo.

Toma a palabra novamente a Sra. Martínez Troncoso, e aclara que o servizo se viña prestando igual, pero dixeron que un caso de recurso para máis seguridade que aconsellaban que se modificaran.

Fai uso da palabra o Sr. Alcalde e di que nunca fixo mención a isto que agora se modifica... Que en 15 anos ela non regulou nada este tema; en aquel momento non fixo recomendación ningunha e agora se da conta de que é favorable e vai a votar a favor.

Se hai que modificar as normativas para deixala o máis completa posible se fan cambios.

Se recolleron as queixas dos veciños e as suxestións da Garda Civil para tratar de mellorar a situación, se trata de solucionar un problema e ir mellorando, aínda que quizás non sexa a solución última porque depende da educación da xente neste sentido.

O Sr. Alcalde di que está tratando de emendar o que non votaron a favor en 2016 cando era unha ordenanza favorable para solucionar o problema de tráfico; que ela non fixo nada en 15 anos.

Toma a palabra a Sra. Peña Muñiz, antes había ordenanza de vaos aínda que non cobraba, só se cobraba por instalar un vao non por mantemento anual; que o seu grupo votou en contra por cobrar un servizo que non se ía a mellorar; ela dixo que non se daba o servizo; agora se da un paso máis para prestar un servizo aos veciños; agora hai a posibilidades de asinar convenios.

Rematadas as intervencións o Pleno, por unanimidade dos Sres. asistentes, acorda:

1º.- Prestar aprobación á modificación da "Ordenanza Municipal de vaos para entrada e saída de automóviles e reservas de estacionamento"

2º.- Que se expoñan ó público a modificación da Ordenanza aprobada, polo prazo dun mes ós efectos de presentación de reclamacións; e

3º.- Que no caso de non presentarse reclamación algunha contra a mesma considerárase definitivamente aprobada, debendo procederse á publicación íntegra do seu contido no B.O.P.

### **3º.- INICIO DE EXPEDIENTE PARA DESIGNACIÓN DE XUIZ DE PAZ SUBSTITUTO**

Dáse conta do escrito recibido do Tribunal Superior de Xustiza de Galiza polo que se comunica que atopándose vacante o cargo de Xuíz de Paz substituto de Ribadumia, por nomeamento do anterior como xuíz de paz titular, se oficia a este Concello a fin de que se inicie novo expediente para a súa elección no prazo de tres meses, de conformidade co establecido no artigo 101.4 da Lei Orgánica 6/1985, de 1 de xullo do Poder Xudicial, ou en caso de non opta-lo Concello por face-la designación esta se faría directamente polo Tribunal Superior de Xustiza, proponendo O Sr. Alcalde inicia-lo expediente para a súa elección.

Infórmase que unha vez adoptado acordo de inicio de expediente procederase á publicación do anuncio correspondente no Boletín Oficial da Provincia e mediante edictos, a fin de que as persoas que estea interesadas en exercer dito cargo presenten a correspondente solicitude.

O Pleno Municipal, por unanimidade dos Sres. asistentes acorda inicia-lo expediente para a elección de Xuíz de Paz substituto deste Concello, procedendo á publicación do anuncio correspondente para a presentación de solicitudes e demais trámites a que haxa lugar.

### **4º.- DESAFECTACIÓN DE CAMIÑO NO LUGAR DE BOUZA**

Toma a palabra o Sr. Oubiña Lago e da conta que se trata dunha solicitude para desafectar unha parte dun camiño no lugar de Bouza (sobre 37,20 m2) e no que o solicitante e o único lindeiro.

Da conta do informe técnico emitido ao respecto no que consta o valor que tería a devandita parcela sobrance de vía pública (279,00 €) e propón que se inicie o expediente para a desafectación dese tramo e a súa calificación como sobrance de vía pública

Toma a palabra Peña Muñiz, segundo documentación presentada e revisado os planos; como as parcelas lindoiras son todas da súa propiedade, están de acordo con que se inicie o expediente.

Fai uso da palabra o Sr. Alcalde, trátase de corrixir erros ou cambios que poidan estar documentados e tratar de solucionar estas situacións.

Rematadas as intervencións o Pleno, por unanimidade dos Sres. asistentes, acorda: aproba-lo inicio de expediente para levar a cabo a desafectación de vía no

lugar de Bouza e a calificación da parcela que consta no expediente como sobrante de vía pública para a súa posterior enaxenación a D. Edelmiro Serantes Barral.

#### **5º.- DECLARACIÓN DE LIQUIDACIÓN DO CONTRATO DE CONSULTORIA E ASISTENCIA PARA A REDACCIÓN DO PXOM.**

Dase conta do escrito presentado por Arnaiz Consultores S.L. no que expoñen que foi adxudicataria do concurso tramitado para o "Contrato de consultoría e asistencia para a redacción do Plan Xeral de Ordenación Municipal do Concello de Ribadumia" e que o citado contrato tiña un prazo máximo de execución de 20 meses; que no se ten incoado expediente de resolución nin de liquidación do mesmo, polo que enténdese que carecen de contrato vixente e a fin de non prorrogar dita situación se solicita que se proceda á liquidación do contrato suscrito e declaración de non existir incumprimento imputable a Arnaiz Consultores S.L. e á devolución da garantía definitiva depositada no seu día, por importe de 3.090,00 euros.

Pola Secretaria dase conta dos trámites realizados en dito expediente de contratación e dos traballos presentados e entregados e que posteriormente, coa aprobación da Lei do Solo de 2010 os traballos de redacción do Plan quedaron paralizados.

Toma a palabra a Sra. Peña Muñiz, e dado que non se continuaron cos traballos que se considere que quedou extinguido e que se procede á devolución do aval.

Toma a palabra o Sr. Alcalde, este proxecto partiu do equipo de goberno de P.P. que se iniciaron cuns traballos en 2008 se lle pagaron 21.600 € sen rendemento nin resultado, xa que quedou sen rematar a aprobación do Plan e pregunta se o equipo do P.P. quere facer algunha anotación.

A Sra. Peña Muñiz contesta que o obxectivo era que o Concello tiña un plan aprobado no ano 2001 e había que adaptalo á nova lei do solo existente naquel momento (lei de 2002); sacouse a concurso a licitación e adxudicouse a Arnaiz Consultores S.L. por ser a oferta máis vantaxosa; se fixo un avance pormenorizado, grado de consolidación, servizos, pero coa nova lei do solo (Lei do Solo 2010), parte do solo edificable se recortaba e se quitaba edificabilidade o que se querían era ampliar os núcleos. O P.P. decidiu parar os traballos: se pagaron os traballos realizados e se parou porque non favorecía ao interese dos veciños.

Engade que os traballos executados están no Concello nas dependencias municipais; que foi un estudo pormenorizado e intenso de todos os núcleos do concello, traballo moi importante para os servizos urbanísticos do concello.

Toma a palabra o Sr. Alcalde para insistir en que non se conseguiron os requisitos que se pretendían; que dende o ano 2002 ata o 2010 tiveron tempo suficiente para adapta-lo plan, pero logo resultou que cambiou a lei e se parou a redacción; en definitiva que se gastaron 21.600€ e non se obtivo beneficio para os veciños.

Rematadas as intervencións o Pleno, por unanimidade dos Sres. asistentes, acorda:

1º.- Acordar a liquidación do Contrato de Consultoría e asistencia para a redacción do Plan Xeral de Ordenación Municipal do Concello de Ribadumia", por haber excedido o prazo de duración do mesmo e declarando non existir incumprimento por parte do adxudicatario e que non será esixible cantidade algunha pendente de pago coma consecuencia deste contrato.

2º.- Que se proceda á devolución da garantía definitiva depositada, por importe de 3.090,00 euros.

#### **6º.- AXUDAS A ENTIDADES E CLUBS**

Toma a palabra Sr. Matínez Troncoso, como en anteriores se trae repartido o 85% da consignación no presuposto para axudar a entidades.

17.000€ para asociacións culturais.

28.900€ para asociacións deportivas.

7.250€ para asociacións sociais.

Se da conta das puntuacións obtidas por cada asociación e dos importes que se propoñen:

<i>AA.VV. BARRANTES</i>	<i>2.254,74</i>
<i>FESTO DO POLO</i>	<i>918,41</i>
<i>BANDA MUNICIPAL</i>	<i>1.638,17</i>
<i>HERMINIO BARREIRO</i>	<i>1.530,68</i>
<i>AGRUPACIÓN MÚSICO CULTURAL</i>	<i>2.010,52</i>
<i>ALECRÍN</i>	<i>1.112,75</i>
<i>XUBILADOS A SENRA</i>	<i>687,95</i>
<i>PÉ DE CUBA</i>	<i>1.105,87</i>
<i>TRASNOS</i>	<i>1.172,95</i>
<i>FESTEIROS LEIRO</i>	<i>1.183,27</i>
<i>ANPA CRA</i>	<i>1.350,09</i>
<i>ANPA CPI</i>	<i>2.034,60</i>

Engade que respecto as deportivas volven a presentar as Mamis Arnelas (teñen a sede en Ribadumia e participaron en fútbol 7 en Vigo).

Ao presentarse esta nova asociación de 2 patrocinios o importe supón un pouco menos parta todas as asociacións:

<i>NÁUTICO MUÍÑO</i>	<i>6.679,68</i>
<i>UMIA CF</i>	<i>8.392,56</i>
<i>CD RIBADUMIA</i>	<i>9.423,61</i>
<i>TENIS DE MESA</i>	<i>2.256,12</i>
<i>MAMIS ARNELAS</i>	<i>859,21</i>
<i>TECOR SALNÉS</i>	<i>180,16</i>

Os 2 patrocinios son 20 puntos e non reciben ningunha outra axuda 554,33€ a cada unha delas.

<i>CNM (M<sup>a</sup> PÉREZ)</i>	<i>554,33</i>
<i>CNM (M. FONTÁN)</i>	<i>554,33</i>

Remata coas sociais, dicindo que hai unha nova asociación "Gotas".

Quere deixar constancia que a do Cancro recibiu máis subvención hai 2 anos pero este ano en número de beneficiarios ten puntuación cero porque non facilitan datos de cantos son de Ribadumia.

<i>ESPERANZA SALNÉS</i>	<i>1.638,02</i>
<i>ASOCIACIÓN GOTAS</i>	<i>885,42</i>
<i>AECC PONTEVEDRA</i>	<i>885,42</i>
<i>ESMAR – MALTRATO CERO</i>	<i>841,15</i>
<i>BANCO ALIMENTOS</i>	<i>1.000,00</i>
<i>PROTECCIÓN CIVIL</i>	<i>3.000,00</i>

Engade tamén que algunhas se lles requiriu documentación algúns falta certificación de ter os socios ao día, o CIF ou nº de conta corrente.

Di que se reparte o 85% das consignacións.

Nas asociacións culturais hai 2 máis que este ano reciben máis porque o ano pasado se lle deron menos por diversos motivos.

Como outros anos se logo se fan máis actividades se repartirá o 15%.



Toma a palabra Sra. Peña Muñiz e felicita as labores que están facendo as asociacións e colectivos do Concello que son entidades emprendedoras, dinámicas e participativas e hai que recoñecer a labor que desenrolan ao longo do ano e promovan a cultura e o concello por todo.

Dí que cada ano se aproban máis tardes as axudas; este ano no mes de xullo e se reparte o 85% e logo a final de ano o restante, algo co que o P.P. non está de acordo como xa manifestou en ocasiónes anteriores.- Vota en falta que agora en xullo non se reparte todo porque hai asociacións que levan organizando actividades ao longo deste tempo e non saben o que van a percibir, e así non poden planificarse.

Tamén coas entidades que saben que ten actividades de forma continua a posibilidade a asinar convenios a principio de ano. E non dependen das solicitudes que haxa, que puideran saber as cantidades dende principios de ano.

Van a absterse por facerse o reparto do 85% e pola posibilidade de asinar convenio.

Repite Martínez Troncoso o que o Sr. Luís dicía en anos anteriores.

Non entenden porque se entrega o 85% e non o 100% xa se leva 3 anos facendo e explicando.

Co 85% se reparte 17.000€ e no 2014 ela repartiu 6.750 € e algo e ela deixan sen gastar 15.000€.

Di que eu non sabe con que cartos conta; se fan todas as actividades van recibir case seguro o dobre que en 2014.

Respecto aos convenios había 2 e este goberno abriu a posibilidade de solicitar axuda e agora resulta que O Muíño se está adherindo as bases e non se acolleu so ao convenio, en 14 anos poderías ter asinados os convenios.

Toma a palabra Oubiña Lago, nalgún momento terás que recoñecer que fan algo ben.

Coas cantidades anteriores bases se solicitaban menos axudas; agora se solicitan máis, se incrementan as asociacións e as actividades. As bases están funcionando e se está vendo o resultado na rúa?? E as entidades saben que poden solicitalo e que poden contar coas axudas.

A Sra. Peña Muñiz contesta que o grupo de goberno dice que se está facendo ben, perosen embargo as entidades non están de acordo como se pode comprobar polas manifestacións que realizan en prensa que se se fan probas a espalda do Club Náutico como o Slalom.

Toma a palabra o Sr. Alcalde, iso é mentira e iso se tratará noutro punto.

A Sra. Peña Muñiz di que hai entidades que non están de acordo, a Sláalom se fixo e o Club participaba noutra proba e non participan porque non se tivo en conta a hora de fixar unha data e se fixo a espalda do club.

O Sr. Alcalde contesta que é mentira e pide que se refira ao punto.

Toma a palabra a Sra. Peña Muñiz, está falando de entidades e non lle gusta o discurso.

Toma a palabra novamente o Sr. Alcalde, está satisfeito co traballo e sacrificio das entidades e clubs. Este equipo de goberno quere deixar claro que ela di que en xullo só se concede o 85% e Pilar xa fixo a explicación clara. Aprobando o 85% está aprobando máis que ela dando o 100%.

Ela repartía 40.000€ e este equipo 77.000€ e os veciños teñen que entender que se está repartindo máis axudas; se reparten cunhas bases, ela as repartía "a boleo" sen nada que o xustificase. Así mesmo di que fala de convenio e pregunta qué convenio quere que se faga e que cantidades quere que se poña.

E incide no incremento das axudas respecto de 2014 e anteriores.

Se está facendo un traballo correcto, houbo diálogo coas asociacións e fixeron aportación de ideas para elaborar as bases; este equipo non recibiu aportacións do P.P para mellorar as bases.

Dí que aprobar a concesión das axuda é apoiar un traballo ben feito e ben planificado e xa sabían que non a ían apoiar. As bases son reais e obxectivas para poder dar as axudas. No que respecta aos convenios que diga nomes e entidades.

Rematadas as intervencións o Pleno municipal por maioría de sete votos a favor (I.R. e Grupo Mixto) e cinco abstencións (P.P.) acorda:

Conceder as axudas que se relacionan:

	<i>2.254,74</i>
<i>AA.VV. BARRANTES</i>	
<i>FESTO DO POLO</i>	<i>918,41</i>
<i>BANDA MUNICIPAL</i>	<i>1.638,17</i>
<i>HERMINIO BARREIRO</i>	<i>1.530,68</i>
<i>AGRUPACIÓN MÚSICO CULTURAL</i>	<i>2.010,52</i>
<i>ALECRÍN</i>	<i>1.112,75</i>

<i>XUBILADOS A SENRA</i>	<i>687,95</i>
<i>PE´ DE CUBA</i>	<i>1.105,87</i>
<i>TRASNOS</i>	<i>1.172,95</i>
<i>FESTEIROS LEIRO</i>	<i>1.183,27</i>
<i>ANPA CRA</i>	<i>1.350,09</i>
<i>ANPA CPI</i>	<i>2.034,60</i>

Deportivas:

<i>NÁUTICO MUÍÑO</i>	<i>6.679,68</i>
<i>UMIA CF</i>	<i>8.392,56</i>
<i>CD RIBADUMIA</i>	<i>9.423,61</i>
<i>TENIS DE MESA</i>	<i>2.256,12</i>
<i>MAMIS ARNELAS</i>	<i>859,21</i>
<i>TECOR SALNÉS</i>	<i>180,16</i>

Patrocinios:

<i>CNM (Mª PÉREZ)</i>	<i>554,33</i>
<i>CNM (M. FONTÁN)</i>	<i>554,33</i>

Sociais:

<i>ESPERANZA SALNÉS</i>	<i>1.638,02</i>
<i>ASOCIACIÓN GOTAS</i>	<i>885,42</i>
<i>AECC PONTEVEDRA</i>	<i>885,42</i>
<i>ESMAR – MALTRATO CERO</i>	<i>841,15</i>
<i>BANCO ALIMENTOS</i>	<i>1.000,00</i>
<i>PROTECCIÓN CIVIL</i>	<i>3.000,00</i>

## **7º.- MOCION APROL DA EDUCACIÓN NO RURAL.-**

Toma a palabra a Sra. Rey Pérez, parte da Rede galega de educación e desenvolvemento rural. Confederación de ANPAS galegas, movemento de integración pedagóxica.- Di que non a presentan partidos políticos; que a presentaron en todos os concellos e ven precedida nun escrito presentado

recentemente na Xunta e solicitan unha moratoria, redución de recursos docentes.-

Da unha breve explicación do contido da moción e que a xustificación final é dereito universal á educación e a igualdade en educación.

Que expoñen que a Xunta antepón criterios administrativos e en ratios e outros a hora de pechar escolas e isto vai levar a un despoboamento do rural.

Non se trata de pechar escolas, senón recortando servizos: e se os profesores especialistas de pedagogía terapéutica, audición e linguaxe,... e teñen que itinerar con colexios da contorna e non tan cerca. Cando hai nenos con características especiais para telo a tempo completo servizos como a educación e sanidade ten que servizos que se deban coidar.

A Sra. Rey Pérez da lectura ao escrito presentado do contido seguinte:

*“A situación actual das escolas do medio rural, nomeadamente aquelas situadas en bisbarras con menor poboación, require un posicionamento e defensa dos servizos públicos de educación no medio rural, por parte das institucións que deben xestionar as demandas e necesidades da súa veciñanza, é dicir, dos concellos.*

*Non está en cuestión o fundamento legal do dereito á educación, nin da igualdade de trato ou de acceso aos mesmos dereitos en calquera parte do territorio, nin tan sequera da obriga dos poderes públicos de velar polo efectivo cumprimento da lei e de correxir os desequilibrios territoriais en base á solidariedade... aspectos todos eles recollidos na Constitución e numerosas leis de desenvolvemento do medio rural, de hábitat, da agricultura e, mesmo, de educación.*

*Porén, o continuo peche de escolas, a supresión de unidades e prazas, a perda de especialistas, o recorte de recursos, a inadecuación, supresión ou limitación de transporte e comedor escolar, a carencia de novos sistemas de agrupamento funcional flexibles e adaptados ao medio rural, todos eles, están provocando a desaparición do servizo público de educación no rural e consecuentemente aceleran o seu abandono e falta de alternativas.*

*Dende as zonas de montaña ata as zonas rurais periurbanas, o medio rural galego acubilla máis da metade da poboación galega, sexa en lugares, aldeas ou vilas rurais. Non é, por conseguinte, un problema menor, senón de grande relevancia para Galicia e para moitos concellos.*

*Resulta palmario que estas familias habitantes do rural teñen dende hai moitas xeracións o seu proxecto vital no medio rural e polo tanto teñen dereito a que nese contexto se lles articulen solucións de futuro.*

*En remate, trátase de garantir:*

- Unha discriminación positiva dos centros escolares do rural para que o seu alumnado teña os mesmos dereitos que os de outra zonas.*
- Unha asignación optimizada de recursos educativos, tanto materiais como docentes, de transporte e comedor escolar que sexan racionais, suficientes e adaptados que possibiliten a igualdade de dereitos.*
- A primacía do dereito á educación das nenas e nenos e das súas familias sobre o criterio administrativo do número de alumnos/as.*
- Unha educación que valorice os acenos identirarios do rural incentivando o apego das crianzas coa contorna da súa terra e polo tanto a súa raizame.*

*Con estes fundamentos, a Confederación ANPAS GALEGAS en representación da Rede Galega de Educación e Desenvolvemento Rural (que aglutina a unha diversidade de entidades do medio rural como as propias anpas, movementos de renovación pedagóxica, grupos de desenvolvemento rural, sindicatos, asociacións e colectivos ecoloxistas, veciñais, culturais e de igualdade de xénero, colexios profesionais, e profesorado de educación infantil, primaria, secundaria e universidade, entre outros), presenta para a súa discusión e aprobación no pleno municipal dese concello a seguinte MOCIÓN:*

- 1. Que se solicite da Xunta de Galicia a elaboración e aplicación dun Plan Específico de Educación para o Medio Rural coa finalidade de dar solucións contextualizadas aos graves problemas que lle afectan.*
- 2. Que se lle pida á Consellería de Educación a adopción dunha moratoria no peche de escolas ou supresións de uniades, servizos complementarios e recursos educativos que atinxan ao rural, en tatno non entre en vigor o Plan solicitado no punto anterior.*
- 3. Que se lle demande á Consellería de Educación a execución, entrementes, de fórmulas de agrupamentos funcionais flexibles e adaptadas a cada zona escolar, consensuadas coa comunidade educativa, na procura de novos modelos de desenvolvemento do servizo público de educación no rural.*
- 4. Que dende ese Concello se notifique á Consellería de Educación da Xunta de Galicia este acordo a prol da educación no rural galego e se remita copia á Confederación ANPAS GALEGAS."*

Toma a palabra a Sra. Peña Muñiz, e di que esta á unha moción tipo, pero a singularidade de cada territorio e provincia son diferentes a Ribadumia a día de hoxe non lle afectan porque todas as escolas unitarias están abertas e funcionando polo cal non procede o debate desta moción.- No día en que Ribadumia teña algún tipo de problemática é cando debatirán o problema no pleno, non agora no que o grupo de goberno tratar de facer un problema donde non o hai

Engade que é certo que tamén hai concellos en Pontevedra que a pesar de ter menos de 6 nenos se mantén a unitaria e que a Xunta ten en conta as singularidades de cada sitio.

Se deberá especificar en función das características e necesidades de cada concello. Hai máis solicitudes e se van as unitarias.

Por solidarizarse van a absterse porque se fala de forma xenérica para todos os concellos e deberían especificar porque a Consellería o estuda en función de singularidade dos territorios.

Toma a palabra a Sra. Rey Pérez e di que non entende que por solidariedade se absteñan e que o P.P. lle costa antepoñer os intereses dos veciños aos do partido.

Que ten coñecemento que había grandes problemas porque reclamaban unha segunda especialista en pedagogía terapéutica, tamén se fala de redución o non cubrir suficiente as necesidades de especialistas.- Que a Xunta fai números, nos últimos 5 anos se pechou o Sixto, Bamio, Tremoedo e non fai moito tempo Lois correu risco de pecharse e se pode suceder que fan en Sisán, Lois e outro e como Barrantes xa está cuberto trasladan entre as unitarias ós nenos. O P.P. ante unha situación dunha moción que non fala só de peches de unitarias non a aprobación dun Plan Específico de Educación e o P.P. non está a favor de que se solicita.- Que o Sr. Feijoo cando se dirixe ao goberno da nación alega factor de dispersión poboacional; que chama a esta lexislatura de defensa do rural e non atende á hora de defender este entorno rural.

Engade que eles defenden no goberno de Xunta e non está pedindo cousas raras. É unha tónica xeral que non se pronuncian cando hai que solicitar algo á Xunta; que alá cada un co seu posicionamento, e se un día lle toca que haxa que pechar escolas en Ribadumia quedará nas hemerotecas quen non apoiou a moción.

Toma a palabra o Sr. Oubiña Lago, e pregunta que como que non afecta a Ribadumia; que dicir iso é unha barbaridade. Ribadumia non é unha república e lle afecta.- Que o Sr. Feijoo aprobou o programa de Escola na casa

e pechou máis de 200 escolas unitarias e orzamento unha educación moi baixa (menos do 5% de media do Estado).

Non entende a posición da abstención, se quere apoiar ao seu partido debería votar en contra ou senón votar a favor.

A Sra. Peña Muñiz di que é xenérica e non concreta nada para Ribadumia; que é unha moción política, ela non fixo aportación política algunha; non fala de datos de Ribadumia nin servizos que non haxa ou se perderan en Ribadumia; se o problema fose de Ribadumia votaría a favor, porque están para defender os intereses dos veciños; pero a moción non fala de problemas en Ribadumia nin pide servizos; a moción non fala de peche de unitarias en Ribadumia e remata dicindo que sempre van a defender aos veciños e van a defendes ós seus intereses.

Engade que deban respectar o seu sentido de voto; que moitas propostas que se presentan polo P.P. e que lle afectan a veciños o equipo de goberno non votou a favor e non a comparte pero a respecta.

Ademais di que respecte a súa intención de voto; se viñeran con datos concretos; saben que hai concellos con unitarias de menos de 6 nenos que seguen abertas (Oia).- Que traian datos que se vexa en que lle afecta a Ribadumia; non trae nin datos nin servizos que se restrinxan.- Engade que respecten o seu sentido de voto (de 7 puntos ata agora han votado a favor e só en 2 absterse). E a súa decisión absterse.

Toma a palabra o Sr. Alcalde, e di que cada un debe saber o que debe votar e máximo respecto.- que é unha moción para potenciar a educación do rural; se refire a toda Galicia e tamén en Ribadumia; se de todo o apoia aos distintos CRA e unitaria de Ribadumia.

A educación é fundamental, *defensa de educación no rural.*

Rematadas as intervencións o Pleno Municipal, intervencións o Pleno Municipal, por sete votos a favor e cinco abstencións (P.P.) acorda:

1. *Que se solicite da Xunta de Galicia a elaboración e aplicación dun Plan Específico de Educación para o Medio Rural coa finalidade de dar solucións contextualizadas aos graves problemas que lle afectan.*

2. *Que se lle pida á Consellería de Educación a adopción dunha moratoria no peche de escolas ou supresións de uniades, servizos complementarios e recursos educativos que atinxan ao rural, en tatno non entre en vigor o Plan solicitado no punto anterior.*

3. *Que se lle demande á Consellería de Educación a execución, entremetres, de fórmulas de agrupamentos funcionais flexibles e adaptadas a cada zona escolar, consensuadas coa comunidade educativa, na procura de novos modelos de desenvolvemento do servizo público de educación no rural.*

4. *Que dende ese Concello se notifique á Consellería de Educación da Xunta de Galicia este acordo a prol da educación no rural galego e se remita copia á Confederación ANPAS GALEGAS."*

### **8º.- MOCIÓN DO P.P. EN RELACIÓN COA ESCOLA DE MÚSICA.**

Toma a palabra a Sra. Peña Muñiz, e da conta da moción presentada en relación coa escola de música; di que a presentaron en abril e xa manifestaron que non entenden que non se trouxera no do mes de maio.

Solicitan que se revise o convenio; nalgún momento había sobre 90 nenos de Ribadumia e 110 en total.

A situación cambiou e o número de matriculas incrementase e demostra a gran calidade de servizo que se ven prestando ós nenos e nenas; agora hai sobre 200 nenos, 20 disciplinas distintas musicais, aparte de preparación de acceso ao conservatorio.

Que se amplíe o convenio para darlle máis axudas e que as instalacións quedan pequenas.

Se presenta a moción porque estas demandas lle consta que se fixeron ao Concello sen contestación.

Lee os acordos:

"

1. Que o Concello de Ribadumia incremente a axuda municipal a Escola de Música de Ribadumia, de maneira que se axude a costear o incremento dos gastos de funcionamento nos que incorren.
2. Que o Concello de Ribadumia amplíe as instalacións da Escola de Música de Ribadumia, de maneira que alumnos e profesores poidan desenrolar a súas actividades formativas en condicións óptimas."

Toma a palabra a Sra. Martínez Troncoso, só quere comentar 2 cousas respecto aos datos: en primeiro lugar as demandas feitas pola Asociación Proescuela de Música no Concello, xa que en 2014 tiñan un borrador previsto



para aprobar e non se chegaron a aprobar e xa solicitaban o incremento de axuda.

Polo que respecta a que aumentaron moito este ano; no convenio non consta de nenos que non son de Ribadumia.; da conta de incremento de nenos ano a ano.

Respecto as instalación non da AAVV Barrantes e habería que estudar se se pode facer obras e se está disposto a ceder ou autorizar as obras ou a cesión das instalacións.

O convenio de 2005 hai unha serie de condicións que non se está cumprindo (limpeza) hai que modificar o convenio pero tamén hai outras asociacións que necesitan de forma urxente investimentos de parte do Concello.

Toma a palabra a Sra. Peña Muñiz e aclara que ela dixo que había 90 de Ribadumia e un total de 110.

Toma a palabra a Sra. Martínez Troncoso, no convenio no di que a subvención sexan nenos de Ribadumia.

Toma a palabra a Sra. Peña Muñiz, e di que se incrementou o número de nenos e piden que aumente a axuda municipal para costear os fastos de funcionamento, xa que agora hai cerca de 200.- Solicitan tamén que se amplíen as instalacións e terá que valorar o equipo de goberno xunto coa Escola e AAVV a solución que sexa.

O Concello por exemplo fixo un aparcamento na finca dun veciño asinando un convenio e se pode facer un ou modificar.

É un colectivo que está facendo unha gran labor.

Sabe que non a van a aprobar porque non apoian ningunha das que presentan.

A Escola xa o ten solicitado ao Concello e non lle dan resposta. Neste Pleno se reparte as axudas; hai colectivos que non se lle satisfai as necesidades ou peticións.

Toma a palabra o Sr. Alcalde, fala a súa maneira, vota de menos na moción que se extenda ao resto de asociación e entidades.

Dí que en primeiro lugar ten que estar agradecido algo estarán facendo ben cando antes había 130 e agora 190 e tería que ver coas actividades e fomento da cultura quen ven facendo.

En outubro tiveron unha reunión (2 semanas antes descoñecían que nela había empezado a negociar un convenio en 2014 e ata mediados de 2015 e iso é unha falta de responsabilidade porque ela non transmitiron que quedaba ese borrador sobre a mesa) ata que en outubro esa entidade lle transmite que

había unha negociación.- Que nesa reunión (se falou que había que estudalo igual que outras entidades e outra banda que ten necesidades que lle transmitiron a ela e non se fixo nada); que a moción que presenta o P.P. ten carácter político.

Nesa reunión se transmitiu que no Centro Social chovía dentro dende había varios anos e que chovía sobre as mesas e equipamento.- Que este goberno cando entrou gastou 100.00 € en reparación de diversas instalacións.

Que hai unha realidade e é que en materia cultural cando ela gastaba 40.000 € agora se gasta 85.000 €.

Que a media está en 130 nenos; que efectivamente haberá que buscar un espazo. O incremento é este ano pero foi un pico que incrementou este ano. Se buscará solucións e se intentará para todas as asociacións.

Engade que vota en falta que non pido o mesmo para outras entidades.

Están de acordo en cubrir estas necesidades pero non está de acordo en como está redactada porque non describe a realidade.

Se ten que facer un convenio hai que estudalo e negocialo e se quere que diga unha cantidade cando se fai unha proposta a medio prazo (hai que chegar a convenio, buscar financiación, etc.). Hai que saber se se mantén.

É certo que hai que ser sensible con esta e todas as entidades.

Solicita que modifique o texto da moción, e que se recolla as seguintes propostas de acordo:

*"1º.- Que o Concello de Ribadumia se compromete a incrementar a axuda municipal á Escola de Música de Ribadumia en función dos acordos resultantes da negociación do actual convenio coa Asociación Pro-Escola de Música.*

*2º.- Que o Concello de Ribadumia se compromete a iniciar as correspondentes negociacións coa Asociación de Veciños de S. Andrés de Barrantes co fin de proceder á ampliación das instalacións destinadas á Escola de Música de Ribadumia"*

Dí que hai que analizar este coa Asociación e ven cómo va a quedar redactado e o 2º punto hai que substituír que se inicie as negociacións que se inicie as negociacións coa AAVV para estudar as posibilidades de ampliación.

Durante 13 anos non fixo nada e dende 2014 se estaba negociando un novo convenio e non conseguiu nada e non o transmitiron a este equipo (que non o souberon ata outubro pasado).

Toma a palabra a Sra. Peña Muñiz, lle parece pouca seriedade que a modificación se lle presente no momento de debate. Ten que ser o interese de todos; que hai que actualizar o convenio e que 2014 se iniciaron os trámites para modificalo e no 2015 quedou paralizado.

Que eles non pretenden facer política e que a Asociación lles transmitiu unhas necesidades da entidade e por iso presentaron a moción e igual o fará cando llo solicite outra entidade.

Pide que se amplíe a cuantía económica, pero claro que ten consensuar coa asociación proescola de música, o PP non está propoñendo cantidades.

Están pedindo que se amplíen as instalacións pero está claro que se negocia coa asociación proescola. Que haxa unha negociación con eles e da instalación que se chegue a un acordo. Que se estude con eles e haxa vontade.

Non ten problema en engadir a modificación proposta. Hai que sentarse e negociar.

O Sr. Alcalde di que ela negociou un convenio que nunca chegou a aprobar e encima non se o fixo saber a este equipo de goberno. E tiveron coñecemento en outubro de 2017. Hai vontade con esta asociación e con todas.

Rematadas as intervencións o Pleno, por unanimidade dos Sres. asistentes, acorda:

1º.- Que o Concello de Ribadumia se compromete a incrementar a axuda municipal á Escola de Música de Ribadumia en función dos acordos resultantes da negociación do actual convenio coa Asociación Pro-Escola de Música.

2º.- Que o Concello de Ribadumia se compromete a iniciar as correspondente negociacións coa Asociación de Veciños de S. Andrés de Barrantes co fin de proceder á ampliación das instalacións destinadas á Escola de Música de Ribadumia"

### **9º.- DAR CONTA ESCRITO DO P.P. SOBRE SLALOM.**

Toma a palabra o Sr. Alcalde e explica que a Sra. Peña presentou escrito dicindo que se explicara porque o Concello prescindía do Club Náutico.

E explica que non é certo, nunca se prescindiu do Club para facer a proba e antes de presentar o escrito tiña que ter preguntado; que o P.P. intenta enganar aos veciños; este equipo nunca prescindiu de Slalom aínda que se quixo colgar iso.

Outra cousa é que o Club Náutico participara ou non ou que o Club decidira participar noutra proba.

Os gastos supuxeron 1.245 € (se seguirá facendo se o Club quere participar ben, o equipo apoia ao piragüismo, fomos felicitados pola Federación, se aprobaron mocións para que haxa patrocinios por outra administración.

Hai 2 anos quixeron dar a entender que no se fixeran e non foi verdade.

Non se pode enganar; como as notas que colgaron sobre uns contedores e resulta que pertencen a Cambados e como pediron que se limparan as marquesiñas e había carteis pegados dende os anos 2011 e 2013.

Que están pendentes de legalizar a cafetería do Club se pediu axuda e foi denegada pola Xunta, pero se seguirá buscando como solucionalo.

O Club non se quixo presentar e participou noutra.

Que hai que ser responsable nas manifestacións que se fagan.

## **10º.- ROGOS E PREGUNTAS**

Neste punto a Sra. Peña Muñiz di que o papel non o soporta todo; e que a proba do slalom se acordou coa Federación sen ter en conta ao Club Náutico.

O Sr. Alcalde responde que está dicindo una barbaridade.

A Sra. Peña Muñiz engade si que se eliminou unha proba deportiva e é o BTTinto.

O Sr. Alcalde reponde que presentaron os presupostos por valor de 45.000€ e puxo en marcha a Escola BTTinto e estase apoiando a base. Van a facer o que os veciños demandan.

A Sra. Peña Muñiz toma a palabra e di que hai elementos patrimoniais (lavadoiros, fontes e muiños) que están invadidos pola maleza e roga se proceda á súa limpeza.

O Sr. Alcalde di que xa está en marcha; que o equipo de goberno está comprometido co patrimonio do concello (actuación por valor de 15.000€, se recuperou o do río Xian, limpeza e restauración río en Ribadumia) se poden ver as que estase empezando a limpar xa.

A Sra. Peña Muñiz responde que fixo un percorrido por todas as parroquias, pero se alegra de que xa comenzasen estas labores.

A Sra. Peña pregunta se o Concello ten pensado facer algunha obra de mantemento nos colexios CPI e CRA.

O Sr. Oubiña Lago responde, empezaron as obras o pasado xoves e se van a facer como todos os anos en xullo e agosto e xa se empezaron.

O Sr. Alcalde di, hai algunha duda que está pendente de aclarar con Educación se se pode facer ou non.

A SRa. Peña di que no mes de novembro de 2016 acordouse que se ía a facer unha consulta a Urbanismo sobre edificacións auxiliares e pregunta si se fixo e o resultado.

A Sra. Secretaría di que ten que dar conta da contestación.

A Sra. Peña Muñiz pregunta polo Proxecto: do Colexio e do edificio de SS.SS.

O SR. Alcalde di que vai manter unha reunión con toas as partes implicadas , e se dará conta do proxecto no momento que se manteñan e ver se hai que facer algunha modificación ou non.

Ten posta ilusión no proxecto, se se pode levar a cabo se solucionarían os problemas do colexio a 25 anos e non se tivo o apoio do P.P.

Vai a ter acceso cando se teña reunión con Educación e ver se ten que facer algunha modificación técnica.

E non habendo máis asuntos que tratar se levanta a sesión, sendo as vintetres horas e cuarenta e cinco minutos de todo o cal ue, como Secretaria dou fe.-